

José Antonio Portos Mouriño, Presidente do Tribunal para a contratación de persoal de cadro da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, SA, (SEAGA), facultado polo Tribunal na sesión de 09 de abril, fai público:

## **Punto 2 da acta de constitución do Tribunal**

### Baremo de méritos.

➤ No apartado de **experiencia profesional** en postos de traballo semellantes ao convocado en entidades ou empresas do sector público:

○ 0,10 puntos por cada mes traballado ou fracción ata un máximo de 3 puntos.

➤ No apartado de **cursos de formación e perfeccionamento** impartidos polas Administracións Públicas ou homologados por elas, relacionados coas funcións do posto de traballo:

○ 0,15 puntos por cada 10 horas de curso ou fracción ata un máximo de 2 puntos (duración mínima dos cursos de 10 horas).

➤ No apartado de **coñecemento de informática:**

○ 0,15 puntos por cada 10 horas de curso ou fracción (duración mínima dos cursos de 10 horas).

## **Punto 3 da acta de constitución do Tribunal**

### Entrevista


Establecese unha puntuación mínima de corte para o acceso as entrevistas persoais.

Está puntuación mínima debe garantir que sumándolle, aos puntos obtidos polos candidatos na baremación de méritos, a nota máxima da entrevista, (3 puntos), non teñan posibilidades matemáticas de acceder á contratación para cubrir os postos de traballo convocados.

En salvagarda dos intereses dos posibles candidatos excluídos deberá elaborarse, cos mesmos, unha lista de agarda coa puntuación obtida no proceso de baremación, e se fose necesario realizar contratacións temporais posteriores nas correspondentes categorías deberán ser convocados a un proceso de entrevistas persoais para fixar a súa posición definitiva nas listas de contratación.

O Tribunal acorda, aos efectos de axilizar o proceso desta convocatoria, proceder de inmediato á publicación de listas baremadas, e as posteriores entrevistas persoais, de xeito particularizado, e secuencial, por postos de traballo.

O Presidente do Tribunal



José Antonio Portos Mouriño